

Galiza manifesta

Cando a literatura obxecto de estudo festivo, e está, minorizada, analizar determinadas cuestións leva a decatármonos de xeito nidio da situación de inferioridade con respecto ao universo cultural e literario que a rodea. Se ben, ao referirmonos a unha realidade xeral como é o de “Literatura galega”, todo o mundo entende a que nos referimos, a fixación en cuestións teóricas particulares comezan a dar idea da cantidade de lagoas que sofre esa “consistencia” aparente.

En *Manifesta Galiza* atopamos un deses exemplos. Xesús González Gómez ten que facer de funambulista teórico para presentar e xustificar un libro dedicado aos manifestos literarios en Galicia. Se ben na introdución fai unha exposición xeral do que sería un manifesto literario, a análise da evolución e historia dos manifestos literarios en Galicia vén dar cunha chea de matizacións im-

Das propostas estéticas e nós

 HÉITOR MERA



portantes, por parte do autor, ante a ausencia de textos ao longo dos anos. É máis, o

grosso dos manifestos concéntrase nun período moi achegado a nós que sería o terceiro terzo do século XX. Hai que engadir que para facer unha recompilación de tales textos ten que concibir a definición do manifesto dende unha amplitude que acolle documentos que non se terían por manifesto de tratarse dunha outra literatura sen as eivas que sufriu a nosa ao longo dos anos. Dende a presentación de reflexións aparecidas en revistas, prólogos... ata a asunción do prólogo de *Cantares Gallegos* como primeiro manifesto literario, ábrese un amplo aba-

no de posibilidades para ter un número medianamente importante para poder conformar este libro que, ao noso entender, non sería un volume adicado soamente aso manifestos literarios da nosa literatura, senón que, máis ben, se tratarí dunha recompilación de textos cunha serie de características que se poderían achegar, por unha razón ou por outra, ao que coñecemos dun xeito máis rigoroso como manifesto.

Dende esta perspectiva, o libro conforma un percorrido fundamental polos diferentes presupostos teóricos e propostas estéticas que se foron dando e que marcarían toda unha literatura como a nosa. Sería mágoa que este volume pasase desapercibido, pois fóra das amplitudes e ambigüidades teóricas precisas para facelo posible, *Manifesta Galiza* é unha lectura curiosa e axeitada para unha reflexión literaria dunha parte importante das nosas letras.

GONZÁLEZ GÓMEZ, Xesús, *Manifesta Galiza. Manifestos na literatura galega do século XX*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2006, 226 páxinas